



PEC

Proxecto Educativo de Centro

IES PEDRAS RUBIAS
Xaneiro 2020

1. CONTEXTO

1. 1. CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

Ubicación: a 25 Km de Vigo formando parte da súa área metropolitana. Linda con O Porriño, Tui e Salvaterra do Miño. Moi próximo de Portugal

Poboación:

- Habitantes 2019: 9164
- En continuo ascenso.
- Poboación nova.
- Rural, concentrada en aldeas.
- Maior núcleo de poboación: Esfarrapada.

Sistema económico:

- Xira arredor do **sector secundario**: minería (canteiras) e industria (diferentes polígonos industriais no eixe Vigo-Tui).
- O **sector primario**: viñedo, horticultura e agricultura a tempo parcial practicada por familias empregadas noutros sectores.

Servizos:

- **Centros Médicos:**
 - Centro de saúde SERGAS.
 - Centro médico privado.
- **Centros Educativos:**
 - Escolas infantís:
 - A Galiña Azul. Pública
 - Xoaniña. Privada
 - Centro Educación Infantil: CRA Raíña Aragonta
 - Centro Educación Primaria: CEP Altamira
 - Non existe centro educativo que oferte estudos postobrigatorios. A rapazada de Salceda ten que desprazarse a outros concellos a proseguir estudos, fundamentalmente Tui, Salvaterra, Vigo e O Porriño.
 - Centro Educación Secundaria: IES Pedras Rubias
- **Escolas deportivas.**
- **Campo de fútbol.**
- **Pavillón municipal.**
- **Piscina municipal.**
- **Centros xeriátricos: 2**
- **Parques 2**
- **Rutas de sendeirismo.**
- Escola de Música privada: Asociación Amigos da Música

Transportes e comunicacións: moi escasos. Dificulta a mobilidade da mocidade pola contorna.

Asociacionismo: importante. Promoción de actividades culturais e deportivas.

1. 2. IES PEDRAS RUBIAS

XENERALIDADES

- **Titularidade** : Pública
- **SITUACIÓN**: parroquia de Parderrubias (a 1,5 km do núcleo urbano do concello). Entorno rural.
Proximidade aos outros centros educativos, o que favorece a relación e colaboración entre eles, así como a realización de actividades en común.
- **Breve historia**: O instituto comezou a funcionar como tal no curso 2005/2006, ata esa data o ensino secundario impartíase nun CPI sito no centro do concello e foi nese curso cando alumnado e profesorado comzaron unha nova andaina trasladándose a Parderrubias, a un centro reformado e ampliado onde antes se impartía a Educación Primaria.

OFERTA EDUCATIVA

- Educación Secundaria Obrigatoria
- Solicitada á Xefatura Territorial a implantación do Bacharelato

INSTALACIÓNS

- Recinto escolar: finca 17634 m².
- Dúas edificacións: edificio escolar e o pavillón de deportes.
- Edificio escolar:
 - Pranta 1190 m².
 - Tres pisos: soto, pranta baixa e primeira planta.

AULAS

- 13 Aulas de grupo.
- 4 Aulas polivalentes.
- Aulas específicas:
 - Laboratorio CCNN e FQ
 - Taller de Tecnoloxía
 - Aula de Música
 - Aula de Plástica
 - Aula de Informática
- Aula PT

DESPACHOS

- Dirección.
- Xefatura de Estudos
- Secretaría
- Orientación
- Departamentos:
 - Mate, Tecno
 - CC. Naturais, Plástica, E.F.
 - L. Galega, L. Castelá
 - Inglés, Francés
 - Xeografía, Música e Relixión

VARIOS I

- Biblioteca "A Calixtina".
- Radio Escolar.
- Salón de Actos.
- Cafetería.
- Sala de profesorado
- Sala de Gardas
- Sala de visitas.
- Sala da ANPA

VARIOS II

- Conserxería.
- Secretaría
- Zona de caldeiras.
- Cuarto da limpeza.
- Almacéns 3
- Aseos.
- Aseos adaptados.
- Ascensor

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

- Pavillón polideportivo.
- Pista exterior polideportiva.
- Campo de terra de fútbol-7.
- Zona de Pin-pon

PROFESORADO

- Prazas de profesorado: 32
- Prazas con destino definitivo: 90%
- Estabilidade (permanencia): Alta

CATÁLOGO DE PROFESORADO E ADSCRICIÓN A DEPARTAMENTOS

Xeografía e Historia

- **Materias adscritas:**
 - Xeografía e Historia
 - Valores Éticos
 - Economía
 - Filosofía
 - Iniciativas Emrendedoras
- **Profesorado:** 3

Ciencias Naturais

- **Materias adscritas:**
 - Bioloxía e Xeoloxía
 - Física e Química
 - Ciencias Aplicadas
- **Profesorado:** 2

Lingua Castelá

- **Materias adscritas:**
 - Lingua Castelá
 - Latín
 - Cultura Clásica
- **Profesorado:** 2

MÚSICA

- **Materias adscritas:**
 - Música
 - Artes Escénicas e Danza
- **Profesorado:** 2

INGLÉS

- **Materias adscritas:**
 - Inglés
- **Profesorado:** 2

FRANCÉS

- **Materias adscritas:**
 - Francés
- **Profesorado:** 1

EDUCACIÓN FÍSICA

- **Materias adscritas:**
 - Ed. Física
- **Profesorado:** 1

EDUCACIÓN PLÁSTICA

- **Materias adscritas:**
 - Ed. Plástica
- **Profesorado:** 1

TECNOLOXÍA

- **Materias adscritas:**
 - Tecnoloxía
- **Profesorado:** 2

MATEMÁTICAS

- **Materias adscritas:**
 - Inglés
- **Profesorado:** 4

LINGUA GALEGA

- **Materias adscritas:**
 - Lingua Galega
- **Profesorado:** 3

RELIXIÓN CATÓLICA

- **Materias adscritas:**
 - Relixión
- **Profesorado:** 1

ORIENTACIÓN

- **Profesorado:**
 - Orientador/a
 - Pedagogía Terapeutica

ALUMNADO

- Matrícula: 300 aprox, en ascenso.
- Procedencia do alumnado: CEP Altamira maioritariamente.
- NEE19/20: 2.5%
- Inmigrantes: Poucos
- Absentismo escolar: practicamente nulo.
- Minorías étnicas: Moi escaso
- Promoción alumnado: 80 %
- Convivencia en xeral: boa
- Nivel de expectativas académicas: A maioría do alumnado que remata a ESO continúa realizando estudos postobrigatorios.

FAMILIAS

- Índice socioeconómico: medio-baixo
- Baixa participación como colectivo na vida escolar.
- Alto seguemento da evolución escolar do alumnado.
- Asocianse na ANPA Pantel. Xestiona o Banco de Libros (sistema de arrendamento de libros de texto).

RELACIONES INSTITUCIONAIS

- Son fluídas, frecuentes e cordiais tanto para o intercambio de información como para a colaboración e participación en actividades comúns. Concello, Servizos Sociais, Centros Educativos e Escolas deportivas son as máis involucradas no proceso educativo.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- Transporte Escolar:
 - 7 rutas (todas de transporte integrado)
 - Persoas coidadoras de bus nas rutas integradas.
- Comedor Escolar: Non dispón.
- Cafetería:
 - Aberta en horario lectivo.
 - Persoas usuarias só do centro.

2. SINAIS DE IDENTIDADE

CONFESIONALIDADE

- Centro **aconfesional**

LINGUA DE APRENDIZAXE "Apostamos polo galego"

- Asígnaselle globalmente o mesmo número de horas ao ensino da lingua galega que ao da lingua castelá.
- Lingua institucional de relación interna e externa: galego
- Primeira lingua extranxeira: inglés
- Segunda lingua extranxeira: francés

VALORES


- O IES Pedras Rubias pretende ser un **espazo integrador e motivador**, de convivencia, de formación e de disfrute da xuventude de Salceda de Caselas. Un espazo **plural** que promova a **participación**, a **tolerancia**, a **solidariedade**, a **multiculturalidade** e o desenvolvemento intelectual e personal de cada individuo dende unha perspectiva crítica e racional da cultura, da sociedade e da ciencia do noso tempo. Primará o principio de **inclusión** con rexeitamento de calquera tipo de discriminación, **por razón de sexo ou xénero, raza, nacemento, capacidade económica, convicións políticas ou relixiosas, así como por calquera tipo de discapacidade física ou psíquica**. Un espazo aberto onde teñan cabida todos os sectores da comunidade educativa así como a contorna máis inmediata onde se favoreza a súa participación e se fomente a resolución pacífica dos conflitos que poidan xurdir no día a día.

MODELO DE XESTIÓN

- O modelo de xestión do IES Pedras Rubias desenvólvese no marco de participación, autonomía e goberno dos centros establecido no Título V da LOE.
- Xestionado de maneira participativa, baseándose no pluralismo e tendo en conta as opinións de todos os sectores á hora da toma de decisións.
- As relacións entre os diversos compoñentes estarán presididas polo diálogo; a tolerancia coas ideas e os puntos de vista alleos e a disciplina no cumprimento das normas de convivencia.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Variadas e numerosas.
- Contribúen á formación integral do alumnado.



3. OBXECTIVOS XERAIS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO.

Tendo en conta as particularidades do centro e as circunstancias sociais, culturais, económicas do noso alumnado, fíxanse como obxectivos xerais.


- Propiciar unha convivencia, respectuosa, democrática e participativa entre todos os membros da comunidade educativa.
- Fomentar o respecto e a igualdade de dereitos e deberes entre o alumnado promovendo actuacións dirixidas a favorecer a coeducación.
- Promover o respecto á libre orientación sexual e a identidade de xénero e o rexeitamento a todo tipo de violencia ou agresión sexual.
- Potenciar un clima de cálida acollida ao alumnado de nova incorporación, en especial ao inmigrante, co fin de facilitarlle unha rápida integración no centro e na vida social exterior.
- Progresar no uso da lingua galega, como un ben cultural propio da nosa comunidade.
- Acrecentar o desenvolvemento da personalidade e das capacidades individuais do alumnado.
- Potenciar o traballo en grupo e en equipo, a colaboración entre o alumnado e a aprendizaxe cooperativa.
- Fomentar hábitos de traballo, de esforzo e responsabilidade no alumnado.
- Propiciar a mellora na adquisición de habilidades sociais.
- Incrementar o uso de novas tecnoloxías da información e da comunicación que lle permitan ao alumnado progresar autonomamente e ir construíndo o seu coñecemento.
- Desenvolver as capacidades creativas e o espírito crítico.
- Tentar buscar as técnicas máis apropiadas para favorecer a motivación e a actividade eficaz do alumnado
- Impulsar a acción titorial individualizada e en grupo como algo esencial na orientación educativa e profesional, así como as diversificacións e adaptacións curriculares para aquel alumnado que precise delas.
- Fomentar actitudes positivas cara aos hábitos saudables e cara ao disfrute dos tempos de ocio e lecer.
- Asegurar a comprensión das Normas de Convivencia, como documento base que permite mellorar a vida cotiá no centro en todos os seus aspectos.
- Adoptar medidas formativas, xustas e equitativas, na corrección de faltas de comportamento.
- Establecer vías para a mellora de resultados académicos.
- Fomentar a participación e colaboración de todos os membros da comunidade educativa.
- Mellorar a implicación e participación das familias no proceso educativo dos/as menores ao seu cargo.
- Fomentar accións e hábitos de hixiene persoal e limpeza do centro como valor singular da educación medioambiental e do respecto do traballo alleo.

4. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

4.1. FINALIDADES

- Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
- Integrar na vida do centro o alumnado, familias, profesorado e persoal non docente, facilitándolles as canles de información e participación.
- Distribuír competencias, responsabilidades e funcións a fin de conseguir unha xestión verdadeiramente participativa.
- Xestionar consensuadamente os recursos económicos do centro.
- Organizar adecuadamente os espazos do centro.
- Manter relacións de colaboración e apoio con outras institucións, tanto educativas como sociais, culturais ou laborais.
- Abrir o centro, cos seus medios e dependencias, ás demandas sociais e culturais do contorno.

4.2. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA



5. CONCRECIÓNS CURRICULARES

5.1. LIÑA METODOLÓXICA: Flexible.

A metodoloxía a seguir para favorecer a aprendizaxe procede da combinación de liñas diferentes que cada profesor adapta á ocasión

- **Aprendizaxe significativa.** O alumnado aprenderá, a partir do que xa coñece, aquilo que ten relevancia para es e que vai ser útil na súa vida diaria, xeralizando o seu contexto social.
- **Metodoloxía activa e participativa.**
- **Adaptación ás necesidades, motivacións en intereses dos alumnos.** Aplicación de protocolos (TDAH, TEA, Dislexia, ...)
- **Aprendizaxe de carácter cooperativo.** A aprendizaxe cooperativa permite que o proceso sexa máis motivante, máis participativo e activo, e proporciona un medio axeitado para desenvolver e mellorar as habilidades sociais e as relacións interpersonais.
- **Clases expositivas:** centradas no traballo individual e no libro de texto como ferramenta básica de consulta

5.2. AVALIACIÓN

TEMPORALIZACIÓN

- Avaliación Inicial.
- Preavaliación.
- 3 Avaliacións
- Avaliación Ordinaria de Xuño
- Avaliación Extraordinaria de Setembro
- Avaliación de Pendentes
 - Maio
 - Setembro

SESIÓNS DE AVALIACIÓN

- A persoa titora dirixirá as sesións de avaliación buscando a fluidez e a efectividade, centrándose no aspectos relevantes do alumnado.
- Recolleranse as conclusións e decisións acadadas nunha acta que será remitida á Xefatura de Estudos por correo electrónico.

AVALIACIÓN INICIAL

- **Obxectivo:**
- Temporalización:
 - Principio de cada curso.
 - Cando se incorpore un novo alumn@.

5.3 PROCESO ORIENTADOR E ACCIÓN TITORIAL

- No proceso orientador considérase a educación como un dereito que vai máis alá da instrución, para contemplar outros aspectos da vida do alumnado. Nese sentido, a labor de orientación educativa do centro perseguirá o desenvolvemento pleno e integral do alumnado e atenderá os aspectos educativos e intelectuais, así como os afectivos, sociais, psíquicos e físicos.
- O centro facilitará ao máximo a adicación personas titoras á súa función titorial.
- Plan de Acción Titorial en Anexo.

5.4. OPTATIVIDADE

- **Materias de Libre Configuración:** enfoque lúdico e dispoñibilidade horaria do profesorado.
- **A libre oferta de optativas en 4ºESO realizarase atendendo ao seguinte:**
 - Intereses do alumnado.
 - Dispoñibilidade horaria do profesorado.

5.5. TRANSVERSALIDADE

- Valores a transmitir dende todas as materias.



5.6 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recollemos as principais actuación realizadas neste campo, desenvolvidas no PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ACTUACIÓNS ORDINARIAS

- Avaliación e seguemento psicopedagóxico.
- Traballo nas Titorías
- Creación de grupos: Procúrase a maior heteroxeneidade do grupo e a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo
- Traballo Cooperativo.**
- Aplicación protocolos TEA; TDAH, Dislexia, etc
- Adaptación dos tempo, instrumentos ou procedementos de avaliación**
- Exención da 2ª Lingua Extranxeira.
- Programas de habilidades sociais (PAT)**
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas** para alumnado que:
 - Curse 1º de ESO e que accedese dende E. Primaria por promoción obrigada, con dificultades de aprendizaxe e/ou adaptación curricular.
 - Repita 1º de ESO.
 - Promocione a 2º de ESO sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais ou alumnado do PMAR ou con adaptación curricular.
 - Repita 2º de ESO.
 - Quen curse Programas de Reforzo **poderá quedar exento** de cursar a materia de **2ª Lingua estranxeira.**
- Programas específicos personalizados**
- Programa de reforzo de materias pendentes (Desenvolvidos nas Programacións Didácticas)**

ACTUACIÓNS EXTRAORDINARIAS

- **Adaptacións Curriculares individualizadas:**
- Elaboradas polo profesorado da materia baixo as recomendacións do Departamento de Orientación.
- **Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica.**
- **Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)**

5.7. ORIENTACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

- As programacións didácticas achegaranse o máximo posible á realidade das aulas.
- Recollerán aqueles aspectos que permitan ao alumnado acadar os mellores resultados académicos posibles.
- Serán realizadas según as orientacións que propoña a CCP e que se adaptarán en cada caso á normativa vixente e ás necesidades do alumnado.
- Elaboraranse seguindo orientacións e modelo que se achegue dende a Dirección do centro.

5.8. PLAN DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

- Cada departamento deseñará o plan de recuperación de materias pendentes que se incluírá na programación da materia.
- No mes de Outubro entregarase na Xefatura de Estudos un Plan de cada materia para cada estudante.
- Asegurarémonos de que as familias reciben o Plan de pendentes.
- Orientacións para a elaboración do Plan de Pendentes .

6. DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Este Proxecto Educativo de Centro foi aprobado polo Consello Escolar do IES Pedras Rubias o **30 de xaneiro de 2020** entrando en vigor ao día seguinte da súa aprobación.

A súa revisión terá lugar cada 4 anos, cando houber un cambio na normativa na que está baseado ou cando así o solicitan, polo menos, os dous terzos do citado Consello Escolar.